

PROGRAMA

MARCHA MILITAR OP. 51 Nº 1FRANZ SCHUBERT (1797-1828) (Arr. Nico Dezaire)

SINFONÍA Nº 5 OP. 67

ALLEGRO.....L.V. BEETHOVEN (1770-1827) (ARR. Jamin Hoffman)

Timbais: Brais Paisal Lombardero

Director : Roberto Santamarina

LUDWIG'S TANGO.....Richard Meyer

Maracas: Juan Cañada

Claves: Alejandra Escolante

WHO IS WHO? (An Introduction to the String Orchestra).....Richard Meyer

ROSIN EATING ZOMBIES FROM OUTER SPACE.....Richard Meyer

Directora : Elena López-Felpeto Paz

Profesores Asistentes: Noia Suárez (chelo), Roberto Santamarina (violín), Humberto Cao (viola), Juan Cañada (Contrabaixo)

NOTAS AO PROGRAMA

A Orquestra Xuvenil de Corda do Conservatorio Profesional de Música de Santiago nace no ano 2007 cónome de Orquestra de Corda de Grao elemental, e estaba formada de xeito voluntario por alumnos de 3º e 4º de grao elemental, pretendendo cubrir un oco importante na formación dos alumnos de corda, e tentando fomentar á práctica instrumental en grupo.

No ano 2010 pasará a chamarse Orquestra Xuvenil de Corda e integrarase dentro das actividades lectivas do centro coa idea de que os alumnos do departamento de corda se preparen dun xeito progresivo para a práctica orquestral dun posible futuro profesional. Na actualidade está formada por alumnos de tódalas especialidades de corda, dende o terceiro curso de Grao Elemental ata o segundo curso de Grao Profesional, con idades comprendidas entre os 10 e os 15 anos. Nos últimos anos ten participado en tódolos grandes eventos musicáis organizados polo Conservatorio, como as Maratóns Solidarias do Nadal, concertos no Teatro Principal ou nos Ciclos de Novas Orquestras celebrados no Auditorio de Galicia. Tamén participa en actividades de carácter didáctico como "Acude e Educa", na que os alumnos da orquestra colaboran dun xeito lúdico e cercano na difusión dos instrumentos de

corda entre os máis pequenos. O seu repertorio abrangue tódolos estilos, principalmente arranxos de obras clásicas especialmente adecuadas ao nivel técnico dos alumnos e tamén obras de nova creación especialmente diseñadas para a práctica e mellora dos recursos orquestrais e expresivos dos alumnos e especialmente atractivas para rapaces novos. Durante a súa breve historia, a orquestra foi dirixida por distintos profesores do centro como María Jesús Hervás ou Marta Fernández. Na actualidade é dirixida por Elena López- Felpeto Paz, coa axuda inestimable dos profesores Roberto Santamarina, Juan Cañada, Humberto Cao e Noia Pérez .

PROGRAMA

O programa que interpretará a orquestra hoxe ten coma obxectivo principal presentar ao público dun xeito didáctico e desenfadado a orquestra do conservatorio, e para ese fin eliximos un repertorio breve pero variado, no que soarán tanto autores clásicos coma obras de recente creación, especialmente creadas para orquestras xuveniles, nas que se mistura a calidade musical có interese pedagóxico das mesmas.

Abriremos o concerto coa Marcha Militar nº 1 de Schubert, unha das tres marchas que compuxo para piano a catro mans . Non se sabe con seguridade a data exacta da súa composición, en torno a 1822, pero créese que foron compostas durante a súa estancia na residencia de verán do conde Esterházy, onde exerceu de profesor de piano das súas fillas, para as que compuxo estas obras con fins pedagóxicos. A melodía da Marcha nº 1 é unha das máis populares de Schubert, e foi empregada por outros compositores posteriores coma Franz Liszt ou Igor Stravinsky. Nos ofreceremos unha versión para orquestra de corda do arranxista holandés Nico Dezaire.

Escrita entre os anos 1804 e 1808 e adicada aos condes Lobcowitz e Razumovsky, a Sinfonía nº 5 de Beethoven é unha obra clave da historia do sinfonismo musical. As súas catro famosas e enigmáticas notas constitúen uns dos esquemas rítmicos con máis forza dramática da historia da música. O mesmo Beethoven comparounas có “ destino chamando á porta”, afirmación que deu lugar a moitas especulacións. Ese pequeno esquema é sometido a múltiples transformacións , coma un martilleo incesante que vai e ben , tan só interrompido por un segundo tema lírico, discreto e doce, ata transformarse nun final contundente e afirmativo. En palabras de Schumann: “ Esta Sinfonía exerce invariablemente o seu poder sobre os homes de tódalas idades, coma eses grandes fenómenos da natureza. Esta sinfonía escoitarase nos séculos futuros, mentras existan a música e o mundo”.

A través da historia ,a Quinta Sinfonía de Beethoven foi parafraseada , reinterpretada e transformada por moitos compositores e arranxistas. En este caso queremos ofrecer coma exemplo unha desas obras: “Beethoven `s Tango” , do compositor norteamericano Richard Meyer. Aquí o famoso allegro transfórmase nun delicioso tango para orquestra xuvenil de corda, no que os temas orixinais da sinfonía recoñécense perfectamente, como o famoso motivo das catro notas. O compositor engade unhas pinceladas de humor coa axuda das maracas e das claves, para acercar dun xeito lúdico aos xóvenes intérpretes a unha das obras mestras da literatura sinfónica .

A seguinte obra a interpretar, *Who`s Who?*, do mesmo compositor, pretende dar a coñecer ao público as distintas seccións da orquestra de corda. Cada grupo instrumental (Violíns, violas, chelos e contrabaixos), ten a posibilidade de amosar ao público o seu distintivo son e ámbito melódico, por medio de pequenos solos que destacan en medio do corpo orquestral de xeito significativo. A peza finaliza con un rítmico 6/8, o mesmo ritmo que aparece en moitas das pezas da nosa música popular galega. Ese tema vai pasando dunha sección a outra a modo de resumo, para que o público lembre definitivamente cales son as principais seccións dunha orquestra de corda.

Para finalizar o concerto ofreceremos una creación orixinal do compositor Richard Meyer: *Rosin eating Zombies from Outer Space*, que pretende render unha homenaxe ás películas de terror de serie B, moi populares nos anos 50 do século pasado. Ao mesmo tempo pretende introducir aos alumnos nas técnicas interpretativas empregadas na música contemporánea, con efectos de son sorprendentes e terroríficos, emulando algunha das bandas sonoras empregadas no cine de terror.